

25 DE NOVIEMBRE - DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

A TODO O PROFESORADO:

Con motivo da proximidade do día 25 de novembro, día no que dun xeito especial deberíamos abordar o tema da violencia contra as mulleres, designado pola ONU en 1999, lembrando o brutal asasinato das irmáns Mirabal (Patria, Minerva e M^a Teresa) na República Dominicana, o 25 de novembro de 1961, por defender os seus dereitos como traballadoras e como mulleres, pedimos a vosa colaboración para que desde a hora de titoría ou nas vosas clases, do xeito que consideredes máis conveniente, ao longo deste mes de novembro, analisedes e reflexionedes co alumnado a aviolenxia que sofren as mulleres nos diferentes ámbitos da súa vida.

A educación é o primeiro paso para erradicar este tipo de violencia. A través da educación en valores debemos estar alerta perante comportamentos sexistas no noso centro, empregar unha linguaxe non discriminatoria, facer visible a muller nos contidos curriculares, non caer en estereotipos de xénero, e en definitiva, non perpetuar unha visión andocéntrica do universo.

Da reunión do día 5 de novembro saíron as seguintes propostas para desenvolver ao longo da semana do 19 ao 23:

Luns 19: Aportacións espontáneas e libres de imaxes ou textos (frases ou slogans) nos taboleiros do corredor adicados a este tema.

Martes 20: Exposición de textos baseados en historias reais de violencia de xénero que serán entregados en Dirección.

Mércores 21: Lectura de textos literarios na Biblioteca en calquera das linguas empregadas no centro (galego, castelán, francés e inglés) que reflectan a violencia contra as mulleres.

Xoves 22: Entrega de premios e lectura dos mellores microrrelatos sobre o tema, escritos en calquera das catro linguas, na Biblioteca.

Venres 23: Reparto masivo de pegatinas con algún lema ou deseño dos expostos no taboleiro e considerados mellores.

Tamén contamos, no corredor da entrada, coa exposición que reproduce as páxinas mensuais do calendario de Tempo de Mulleres. Mulleres no Tempo, dedicado a mulleres inmigrantes, con actividades correspondentes a cada mes e que o profesorado ten á súa disposición na Conserxería.

Nos vindeiros días poderemos disfrutar da exposición fotográfica realizada polo alumnado de 1º ESO no CPI de Mosteiro-Meis, titulada CARAS e que a través de 11 dípticos pretende amosarnos a desigualdade e o seu contrapunto.

Ademáis, podedes utilizar diverso material para actividades que se atopa na Biblioteca do centro, na estantería coa denominación de IGUALDADE, así como recurrir aos materiais que temos colgados na web do instituto no enlace <http://www.iesxunqueira1.com/igualdade/> ou si queredes, tamén no enlace <http://www.igualdadevigo.org/datasedatos/> onde poderedes coñecer unha gran axuda para traballar na aula. Aí atoparedes interesantes propostas no apartado do 25 de novembro.

Desde o equipo directivo e o Dpto. de Orientación proporcionaremos toda a colaboración e a axuda que poidamos para que, a lo menos, ao longo destes días de novembro podamos mellorar todas e todos en IGUALDADE, xa que na DESIGUALDADE está o comezo da VIOLENCIA.

Pontevedra 10 de novembro de 2012

A DIRECCIÓN